

PROGRAMACIÓN DOCENTE
PENSAMENTO RACIONAL E CIENTÍFICO

curso 2017-18

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Pensamento racional e científico
Código	IV30118
Curso aconsellado	1º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	74,8
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2
Ámbito (H / T / XS / C / CS)	Científico

I.1. Profesor:

Profesor	Créditos (A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Andrés Sanjuan López	3 A	·30 min antes, e 30 min despois das clases	Esc. Univ. Est. Empresariais	Galego/ Castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Non se consideran necesarios coñecementos previos

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Nesta materia preténdese facilitar o acceso á metodoloxía racional e científica propia da vida científica e en xeral da cultura nun senso integrador. Contribuíse así a superar a profunda fenda entre as denominadas Humanidades e as Ciencias. Ao tempo, preséntanse distintos aspectos do pensamento máxico, do pensamento relixioso, e do pensamento racional e científico, facetas completamente vixentes na sociedade actual e que se poñen de manifesto en innumerábeis campos cotiáns.

A elección do desenvolvemento da teoría da tectónica de placas e sobre todo da teoría evolutiva tomando como eixo vertebrador a Evolución humana contribúan a consolidar os procedementos racionais e científicos en dous campos de enorme transcendencia na concepción do mundo natural, que a súa vez amosan profundas influencias nas relacións socio-económicas.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais consisten en:

Comprendan os conceptos e os procesos básicos do pensamento máxico, do pensamento relixioso, e do pensamento racional e científico.

Indagar sobre os fundamentos experimentais e racionais da Teoría evolutiva.

Aplicar distintos mecanismos evolutivos á evolución e diversidade humana.

Adquirir unha concepción global da diversidade humana e a súa relación con distintos problemas como “racismo”, “esclavismo”, “atención médica persoalizada”, etc.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que os alumnos comprendan a Teoría evolutiva e saiban aplicala á evolución e diversidade humana.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	29	0	1,2	34,8	63,8	2,6
Probas de avaliación	1	0	10	10	11	0,4
Total	30	0		44,8	74,8	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	A Cultura. As Duas culturas e a Terceira cultura. Pensamento máxico, pensamento relixioso, pensamento racional e científico	4
2	Metodoloxía científica. A Teoría da tectónica de placas. A Deriva Continental. A escala xeocronolóxica	4
3	Fundamentos da teoría evolutiva.	2
4	A diversificación dos primates e os primeiros homínidos.	2
5	O xénero Homo no Plioceno.	2
6	Os homes no Pleistoceno Inferior e Medio	4
7	Os homes no Pleistoceno Superior	2
8	A orixe do home actual	3
9	O concepto de humano	3
10	A variabilidade das poboacións humanas actuais	3

Bibliografía básica

Bermúdez de Castro, J. M. (2002). *El chico de la Gran Dolina*. Crítica. Barcelona, 295 pp.

Lieberman, D. E. (2013). Tr. ao esp. en *La historia del cuerpo humano. Evolución, salud y enfermedad*. Pasado y Presente, Barcelona, 2014.

Stringer, C & Andrews, P. (2005). Tr. ao esp. en *La evolución humana*. Edns. Akal, Tres Cantos, Madrid, 240 pp.

Bibliografía complementaria

- Arsuaga, J. L. (2001). *El enigma de la Esfinge*. Plaza & Janés. Barcelona.
- Cela C., C. J. y Ayala, F. J. (2013). *Evolución humana*. Alianza Ed., Madrid, 802 pp.
- Hempel, C. G. (1966). Tr. ao esp. en *Filosofía de la Ciencia Natural*. Alianza Ed., Barcelona, 1973, 1978.
- Jones, S. (2013). Tr. ao esp. en *Ciencia y creencia. La promesa de la serpiente*. Turner Publicaciones. Madrid, 2015.
- Kelly, K. (2015). Tr. ao esp. en *Eso no esta en mi libro de Ciencias*. Ed. Almuzara, 2010, 2011.
- Martinez, I. (2012). *El primate que queria volar. Memorias de la especie*. Ed. Espasa Libros, Barcelona, 2012.

Outra bibliografía será indicada na clase correspondente.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases: A docencia organízase en temas. Cada tema constitúe unha unidade docente impartida ó longo das leccións (1h), adicando 40 min, aproximadamente, á presentación e desenvolvemento dos epígrafes contidos no tema, e uns 20 min a debate sobre os seus aspectos ou hipóteses máis interesantes ou problemáticas. Estas clases expositivas se apoiaran en material impreso ou audiovisual. Asemade, na clase se realizarán lecturas parciais a debater (de artigos científicos, ensaios ou novelas) que se completarán con material complementario dos que as veces se entregará un informe resume ou comentario. Non se exclúe a presentación de informes, e dun traballo individual ou en grupo reducido, relacionado cun dos epígrafes do temario e previamente acordado co profesor

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

O sistema de avaliación será continuo. Terase en conta a asistencia e a participación nos debates da clase, a presentación de informes, e dun traballo individual ou en grupo reducido, relacionado cun dos epígrafes do temario e previamente acordado co profesor, e polo menos un exame final.

A asistencia e participación nas clases nun 80% do total, suporá, polo menos, unha cualificación final de aprobado. A presentación de diversos informes e traballos, e da proba final (a realizar fora da aula ou na clase) definirán a cualificación total.